



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE TIRÁN
CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 15 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Criterios de avaliación

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

-Recoñece, identifica e representa as partes principais do seu corpo.

Área de Coñecemento do contorno

-Ordena obxectos segundo un criterio: tamaño, forma ...

-Asocia algúns números coas cantidades que representa.

-Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.

Área de Linguaxes: Comunicación e Representación

-Recoñece o seu nome.

-No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa indeterminada.

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

-Recoñece, identifica e representa o esquema corporal completo.

Área de Coñecemento do contorno

-Emprega os números para identificar, contar, clasificar e ordenar elementos.

-Emprega e compara magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.

-Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.

Área de Linguaxes: Comunicación e Representación

-Percibe que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais teñen unha funcionalidade determinada.

-No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa silábica sen correspondencia.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

-Recoñece, identifica e representa o esquema corporal en diferentes posicións.

Área: coñecemento do contorno

-Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raias, etc).

-Conta de forma ordenada e dando un cardinal final que representa a cantidade de obxectos dada.

-Compara e ordena axeitadamente as cantidades.

-Recoñece o pentágono, hexágono, trapecio, rombo e óvalo.

Área: linguaxes: comunicación e representación

-Iniciase no uso e na comprensión dos textos escritos.

-No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa silábico-alfabética.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: -Análise das tarefas do alumnado.
	Instrumentos: -Diario de aula (rexistro individual da realización das tarefas así como dos logros/dificultades). -Producións entregadas (vídeos, fotografías e gravacións orais). -Información facilitada polas familias a través do correo electrónico, Abalar, comentarios na plataforma e/ou chamadas telefónicas.
Cualificación final	<p>-Todas as capacidades acadadas na 1ª e 2ª avaliación seguirán sendo avaliadas cun “sen dificultade”, e seguirán sendo reforzadas neste último trimestre.</p> <p>-Naqueles ítems que nas anteriores avaliacións o alumnado contaba cun “en proceso”:</p> <ul style="list-style-type: none">• Se a progresión durante este último trimestre foi positiva (realizando as tarefas oportunas) pasarán a avaliarse como “sen dificultade”.• Se a progresión é negativa (non realiza as actividades planificadas para desenvolver esa capacidade) seguirán sendo avaliados como “en proceso”.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades son globalizadas e preséntanse sempre como un xogo, propiciando así que sexan lúdicas e motivadoras para o alumnado.</p> <p>Dentro das actividades que estamos a traballar podemos atopar de diferente tipo:</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades dixitais: aquelas que o alumnado ten que facer nun dispositivo móbil, tableta ou ordenador (Kahoot, memory, quebracabezas, vídeos ...).• Actividades escritas: tarefas relacionadas coa lectoescritura, a lóxica-matemática, arte/debuxo ...• Actividades manipulativas: manualidades, receitas, experimentos ...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>-Enviamos un máximo de tres tarefas diarias (antes das 10:00 horas), entre as cales incluímos tamén as do profesorado especialista cos cales nos organizamos para distribuír as súas tarefas nos diferentes días da semana. A distribución das especialidades é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• Luns: lingua estranxeira “English”.• Martes: música.• Mércores: obradoiro de Audición e Linguaxe.• Xoves: psicomotricidade.• Venres: relixión. <p>-Coordinación co Departamento de Orientación para ofrecer materiais e actividades ao alumnado, así como materiais máis específicos ao alumnado con necesidades.</p> <p>-Tendo en conta que hai familias en infantil que comparten alumnado en varias aulas da etapa, decidimos programar as actividades de maneira conxunta para propiciar que estas desenvolvan as tarefas de maneira simultánea entre os seus fillos e/ou fillas.</p> <p>-As tarefas e comentarios son realizados sempre en letra maiúscula, coa finalidade de facer participe tamén ao alumnado, posto que é ese o tipo de letra co que están acostumados a relacionarse.</p> <p>-Coa finalidade de facilitar a comunicación coas familias creamos un correo electrónico por aula, ampliando así as posibilidades de establecer comunicación entre nós.</p> <p>-Tras ser informadas polo equipo directivo da situación individual das familias das nosas aulas no referente á conectividade e, sendo conscientes das diferentes variables coas que nos podemos atopar no referidos a dispoñibilidade de materiais tecnolóxicos, tomamos as</p>

	<p>seguintes decisións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Evitar tarefas que impliquen dispoñer dunha impresora (no caso de presentar unha tarefa cunha “ficha modelo” sempre se dá o modelo para poder adaptala a man). • Reducir a publicación de tarefas que impliquen un uso prolongado de conectividade (vídeos, descarga de materiais ...).
<p>Materiais e recursos</p>	<p>-A plataforma principal de traballo é <i>Google Classroom</i> a través da cal se notifican as tarefas, se dan avisos e se intercambia información (entrega das actividades e valoración das mesmas tanto por parte das familias, como do alumnado e do propio profesorado).</p> <p>-En ocasións preparamos material específico dixital a través de plataformas lúdicas como son <i>Kahoot</i> e <i>Educandy</i> ou quebracabezas a través do recurso dixital <i>Jigsaw Planet</i>.</p> <p>-Outras veces enlazamos as actividades a vídeos de <i>Youtube</i> (recomendando música para o acompañamento dalgunha tarefa ou para a visualización dalgún vídeo para traballar a lectoescritura) e tamén a <i>Kalandraka TV</i> para a visualización de contacontos.</p> <p>-O resto do material que se presenta é elaborado polas propias titoras de maneira conxunta (adaptándoas cada unha ás características do noso propio alumnado), as cales recolleemos diariamente nunha imaxe e/ou vídeo unha mostra da tarefa a desenvolver, buscando que sexa o máis clara, concisa e intuitiva posible.</p> <p>-Ademais empregamos a aplicación “<i>Talk&Comment</i>” dentro do <i>Google Classroom</i> para o intercambio de mensaxes de voz entre o profesorado e o alumnado (xa sexa para reforzar a explicación dalgunha tarefa, para deixar comentarios sobre as mesmas ou para saber como se atopan).</p> <p>-Por último, cabe destacar que para realizar o seguimento do traballo do noso alumnado son imprescindibles as fotografías das súas producións, os vídeos e as gravacións orais ou mensaxes de voz.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias e o alumnado recibirán información a través dos servizos habituais do centro, como son Abalar Móbil e TokApp School, e tamén a través do correo electrónico e mesmo da plataforma Google Classroom.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.